

## AME, MOBILIZACIÓNS E AS DIVERSAS POSTURAS

Hoxe foi día de moitas comunicacións, mails e informacións sobre todos estes temas das negociacións do Acordo de Mantemento de Emprego. Algunhas destas informacións deixan entrever determinadas conclusións que SNEP de Galicia non pode dar por boas. Por todo isto queremos deixar moi clara a nosa postura:

1. **AME.** O día 7 de xuño enviamos pola lista de difusión tres wasap explicando e intentando resumir moitas horas de negociacións. No primeiro dicíamos que había malas novas para a concertada xa que CIG, UGT e CCOO non asinaban o AME. Debemos aclarar que o correcto sería ter dito que CIG, UGT e CCOO non asinaban o AME que nós si asinabamos, xa que estas tres organización si tiñan unha proposta distinta que era a que defendían. Nun segundo wasap explicabamos o motivo de que non asinaran este AME e dicíamos que basicamente era porque as patronais non aceptaban acudir á bolsa de emprego en todos os casos nos que necesitasen persoal, e que só se comprometían a facelo de forma obrigatoria no caso de xubilación parcial e en todos os casos naqueles centros que estivesen en situación de perda de unidades. Isto significaba que o resto dos centros só o farían de forma preferente, non obrigatoria. No terceiro wasap explicabamos que seguindo o mandato da votación da afiliación, SNEP de Galicia si asinaba este documento.
2. **NOTA DE PRENSA E MOBILIZACIÓNS.** O xoves 16 tiñamos prevista outra xuntanza onde se ían negociar novas medidas para propoñer á consellería, falar de que facer se non nos recibían (pensade que xa enviáramos dúas solicitudes de reunión e aínda hoxe non temos resposta), etc. Diversas organizacións ese día non podiamos estar e a xuntanza non se fixo. Ao día seguinte Escolas Católicas chamounos para preguntarnos se apoiabamos unha nota de prensa, e por suposto, dixemos que si. Temos que dicir que SNEP de Galicia deixou moi claro nalgúnhas das reunións que iamos apoiar todo o que se propuxese que puidese frear a perda de postos de traballo e sen importar de quen partise a idea. Hoxe chegounos a información desta mobilización. Na reunión de hoxe pola tarde mantida coas OOSS, UGT, CCOO e CIG trasládannos que eles non foron avisados co tempo necesario para poder negociar tanto a nota de prensa como a mobilización do día 29; por outra banda manifestan o seu enfado por diversos comunicados nos que se sinten atacados e que non se axustan á realidade.
3. **POSTURA DE SNEP de G.**

A información para todas e todos

<https://snepdegalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

- a.** Sempre cumpriremos a nosa palabra; iso significa que apoiamos o AME que negociamos coas patronais, que apoiamos a nota de prensa e que apoiamos a mobilización do día 29 de xuño.
- b.** Demonizar a determinados sindicatos (independentemente das discrepancias que poidamos manter), como se desprende dalgún dos comunicados que coñecemos na reunión de hoxe, están fóra de lugar e merecen o noso rexeitamento máis absoluto.
- c.** Afirmamos que o comportamento de UGT, CCOO e CIG nas negociacións foi sempre de boa fe.
- d.** O noso sector necesita de todas as organizacións, de todas as persoas; non podemos permitírnos liortas de ningún tipo porque o que está en xogo é moito máis importante que as nosas siglas, é o futuro de moitas familias. E isto só acaba de empezar polo que pedimos a todas as organizacións do ensino concertado unhas altas doses de xenerosidade e de paciencia ante as distintas sensibilidades que existen no sector.

# POLA UNIÓN NO ENSINO CONCERTADO